

XGL DE 16 DE SETEMBRO DE 2008

BOLSAS DEPORTISTAS 2008

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA 2008 DE BOLSAS A DEPORTISTAS

Base 1.- OBXECTO.-

O Concello de Boiro, no seu labor de promoción e difusión do deporte, é consciente das dificultades que teñen moitos deportistas con talento para progresar naqueles deportes que teñan un carácter individual, de oposición ou náuticos.

Por este motivo realiza a presente convocatoria de bolsas co obxecto de apoiar a práctica e o rendimento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendimento nas respectivas especialidades, como posibilitar a súa participación en eventos deportivos, facilitándolles aos deportistas o acceso a unha preparación integral axeitada.

Exclúense da presente convocatoria os cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

A dotación total da presente convocatoria será un mínimo de 6.000,00 euros e un máximo de 8.000,00 euros con cargo á aplicación presupostaria **452.489.00**

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que deberá comunicarllos o solicitante ao Concello de Boiro.

Base 2.-SOLICITANTES.-

Poderán participar nesta convocatoria os deportistas do concello que reúnan os seguintes requisitos:

2.1.-Estar empadroados en Boiro ou, se non fóra así, levar vencellados a un clube da localidade un mínimo de tres tempadas consecutivas.

2.2. Ter entre trece e vintecinco anos a data 31 de decembro de 2008.

2.3.- Dispoñer de licenza federativa, en vigor no momento da presente convocatoria, nun clube do Concello de Boiro (a non ser que non exista na localidade un clube de similar especialidade e categoría).

2.4.- Ter participado, na tempada precedente e/ou actual, en campionatos galegos, españois ou de nivel superior, ou ter sido convocado polas seleccións galega ou española da especialidade.

Base 3.-DOCUMENTACIÓN. -

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que pode obterse no Departamento de Deportes de Deportes ou na páxina www.boiro.org

Ás solicitudes achegaráselles a seguinte documentación:

3.1.-Fotocopia do DNI do solicitante.

3.2.-Certificado de empadramento no concello de Boiro.

No caso de non estar empadrado en Boiro, certificado do secretario do clube conforme o solicitante leva formando parte da entidade un mínimo de 3 tempadas consecutivas.

3.3.-Indicación dos datos bancarios ou Certificación bancaria ao respecto.

3.4.-Fotocopia da licenza federativa en vigor, que deberá estar vixente dende o 1 de xaneiro de 2008 ata a data de publicación desta orde.

3.5.-Certificación da Federación Deportiva ou documento oficial, que acredite os resultados obtidos durante a tempada 2007 e 2008, nas competicións autonómicas, estatais ou internacionais.

Para o caso de competicións que se convoquen cunha periodicidade de dous ou mais anos, certificación da Federación ou documento oficial no que conste os resultados obtidos nas dúas últimas competicións.

Para os deportistas que opten por primeira vez a esta convocatoria bastará coa certificación da federación ou documento oficial que acredite o resultado optido no presente exercizo ou na última competición á que asistiu no caso de competicións que se convoquen cunha periodicidade de dous ou máis anos.

3.6.-Se é o caso, certificación que acredite a inclusión no programa preolímpico da Federación Española correspondente ou Consello Superior de Deportes.

Base 4.-LUGAR E PRAZO DE SOLICITUDE.-

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Boiro entre o **1 e 15 de outubro de 2008**.

Tamén poderán presentarse solicitudes no mesmo prazo, en calquera das formas dispostas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Base 5.-COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.-

O tribunal que outorgará as bolsas será o mesmo que o fixado para a convocatoria de subvencións deportivas 2007.

Base 6.-CONCESIÓN DAS BOLSAS.-

6.1.- O tribunal formularalle a proposta de selección dos bolseiros á Xunta de Goberno Local que é o órgano competente para ditar o acordo de adxudicación. Ao de bolsas dispoñibles, a adxudicación realizarase en función dos seguintes criterios:

6.2.1.- Participación en campionatos galegos, españois ou de nivel superior:

- Campionatos do mundo
 1. Clasificados entre os tres primeiros: 20 puntos
 2. Outras clasificacións: 15 puntos
- Campionatos de Europa
 1. Clasificados entre os tres primeiros: 15 puntos
 2. Outras clasificacións: 10 puntos
- Campionatos de España
 1. Clasificados entre os tres primeiros: 10 puntos
 2. Outras clasificacións: 5 puntos
- Campionatos de Galicia
 1. Clasificados entre os tres primeiros: 5 puntos
 2. Outras clasificacións: 1 puntos

6.2.2.- Convocatorias coa selección galega ou española da especialidade:

- Selección española
 1. Convocatoria oficial: máximo 10 puntos
 2. Convocatoria oficiosa: máximo 5 puntos
- Selección galega
 1. Convocatoria oficial: máximo 5 puntos
 2. Convocatoria oficiosa: máximo 1 puntos

6.2.3.- Outros méritos: ata un máximo de 5 puntos

6.3.-O tribunal poderá nomear os suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade. Estes suplentes accederán ás bolsas unicamente no caso de existir algunha renuncia ou incumprimento das bases por parte dos titulares.

6.4.-A resolución da convocatoria darase a coñecer no taboleiro de anuncios do concello de Boiro e na súa páxina web.

Base 7.-PAGAMENTO.-

As bolsas aboaranse na súa totalidade dentro dos quince días seguintes á súa concesión polo órgano competente e mediante a entrega dun talón nominativo.

Base 8.-OBRIGAS DOS BOLSEIROS. -

8.1.-Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.

8.2.- Participar nas probas ou encontros deportivos correspondentes á súa modalidade e categoría deportiva durante a tempada 2008-2009.

8.3.-Publicitar a súa condición de bolseiro do Concello de Boiro nas competicións e actividades deportivas nas que participe.

O incumprimento das condicións recollidas nas presentes bases, así como a renuncia á bolsa, terá como efecto a obrigatoriedade de devolución da cantidade percibida á que se lle engadirán os correspondentes xuros de mora.

Coas persoas que resulten beneficiarias das bolsas o concello poderá programar algunha actividade por medio da cal se mostre o seu aproveitamento.

Disposición final.- As presentes Bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 16 de setembro de 2008.